

Examinouse o informe proposta elaborado pola xefatura de sección de Benestar Social que literalmente di:

“Con data 30/06/2022 de 2021 o Concello Pleno aprobou as bases reguladoras do Premio Solidario “Cidade de Ferrol” 2022 así como a aprobación do gasto correspondente ao importe do Premio pola contía de 10.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 04001-2315-48000. Nesta convocatoria establécense duas categorías:

- A primeira, cunha dotación económica anual de 6.000 euros, que premie a posta en marcha, ampliación ou continuación de proxectos solidarios e no eido do voluntariado que se desenvolvan nun contexto local, é dicir, no ámbito do Concello de Ferrol.
- A segunda, cunha dotación económica anual de 4.000 euros, que premie a posta en marcha, ampliación ou continuación de proxectos solidarios no eido da cooperación internacional e dentro do ámbito da protección dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico) das persoas e colectivos máis vulnerables.

A convocatoria do premio foi publicada no BOP de A Coruña nº 140 con data 26 de xullo onde se establecía un prazo de 15 días hábiles contados a a partir do día seguinte a esta publicación para a presentación de candidaturas.

Tal e como figura no artigo 3 desta convocatoria e unha vez realizada unha primeira revisión da documentación presentada co obxecto de comprobar que reúnen os requisitos especificados na convocatoria e examinada a totalidade da documentación ,proponse á concelleira de Benestar Social e Patrimonio Histórico, o seguinte:

Primeiro: Admitir as candidaturas que de seguido se relacionan:

CATEGORIA	ENTIDADE/ PARTICULAR	PROXECTO
Proxecto solidario ou voluntariado	Asociación persoas Xordas de Ferrolterra	Coñece Ferrol en lingua de signos
Proxecto solidario ou voluntariado	ASPANAES	Proxecto de adestramento en habilidades para favorecer a atención sanitaria das persoas

		con TEA
Proxecto solidario ou voluntariado	Asociación de Parkinson Ferrolterra	Desenrolo dun traballo de forza muscular en pacientes con enfermidade de Parkinson.
Proxecto solidario ou voluntariado	Asociación de Parkinson Ferrolterra	Taller de benestar emocional para enfermos de Parkinson e cuidadores
Proxecto solidario ou voluntariado	Fundación Secretariado Gitano	Proxecto “PROMOCIONA”
Proxecto solidario ou voluntariado	Acción Familiar	O paso do tempo
Proxecto solidario ou voluntariado	ASCM	I MILLA SOBRE RODAS Voluntariado Inclusivo no Camiño Inglés

Segundo- Inadmitir as candidaturas presentadas pola entidade ONG Manos Unidas , por incumprir o artigo 3 das bases que rexen esta convocatoria que indica o seguinte: “ A entidade gañadora do Premio Solidario da edición anterior a esta non poderá presentarse como candidata aínda que formará parte do xurado.”

Terceiro.- Aprobado a constitución do xurado de acordo coa composición establecida no artigo 4 das bases:

- Presidenta: Eva Martínez Montero (a concelleira delegada de Benestar Social).
- Vogais:
- Un representante de cada partido político con representación municipal :
 - Polo Grupo municipal do PSOE..... Cristina Prados Rubio
 - Polo Grupo municipal do PP..... Rosa Martínez Beceiro.
 - Polo Grupo municipal do BNGMaria do Mar López González
 - Polo Grupo municipal do F.en C.....Jorge Suárez Fernández
- Un membro do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.
- Tres persoas representantes entre as entidades non participantes e coas que o Concello de Ferrol ten asinados convenios de colaboración (designadas pola Concelleira de Benestar) : Provivenda, Cogami e Cáritas .
- Ong Manos Unidas e Asotrame : entidades gañadoras do Premio Solidario do 2021.
- Secretaria: Funcionaria da concellería de Benestar Social

Cuarto: O xurado reunirse para valorar as distintas candidaturas **o vindeiro día 6 de setembro ás 9.00h horas na sala de comisións.**”

Examinei a anterior proposta e apróboa nos seus propios termos

Ferrol, a data da sinatura electrónica

A concelleira delegada de Benestar Social
e Patrimonio Histórico

Dou fe
o secretario